

Zapatero é moi listo
aprendeu ben a lección
xa lle dixo a toda a xente
hai máis cartos no caixón.

A Tareixa e máis o Lores
forman parella de mando
a Telmo non o chamaron
porque é do outro bando.

Sanxenxo quedou sen Telmo
e gañouno Pontevedra
alí servía de xefe
aquí pasou á reserva.

Os zapatos da Tareixa
teñen o tacón dobrado
de metelos nos buratos
que deixan nos empedrados.

Da Igrexa non falamos
non queremos criticar
que lle pregunten a Rouco
o que haxa que aclarar.

Don Felipe e Dona Leti
teñen que enchelo niño
con Sofía e Leonor
solo lle falta o meniño.

O da fábrica de pasta
parece moi amañado
tódolos gobernos pasan
mirando para outro lado.

A Xustiza está parada
e amontoada no chan
este retraso nos preitos
non anuncia un bo plan.

A política e o deporte
andan collidos do brazo
coa chama rexeitada
e as olimpíadas no cazo.

As obras de Pasarón
cocen no lume dos anos
polo tempo que lle levan
semellan as dos romanos.

Pontevedra Fútbol Club
sempre a piques de ascender
xogan ben ata o final
que rematan a perder.

Non mellora o maltrato
cada vez está peor
as medidas que se toman
non acaban coa dor.

Sube a vida, hai máis paro
tamén temos inflación
tódolos datos indican
que chegou a recesión.

Este ano a Eurovisión
vai a ir Chikilicutre
co ukelele colgado
e comendo “chiculate”.

No parque de Campolongo
hai unha xesta plantada
para guiar aos rapaces
da cabeza levantada.

O Gafos deita na ría
o Lérez verte no mar
os aires de Pontevedra
ao vento van a bicar.

As prazas de Pontevedra
son fermosas de verdade
a pedra fai que vexamos
un encanto de cidade.

Pasei pola Ferraría
tiña gañas de beber
pedinlle permiso a Lores
deumo con moito pracer.

Maió que cantas na praza
dille a toda Pontevedra
estas copras que soaron
levan quentura da pedra.

Ao Maio xa lle cantamos
esta foi a derradeira
cun adeus nos despedimos
e gardámola madeira .

MAIO

C.E.I.P. CAMPOLONGO



ANO 2008

Bos días para os presentes
nesta mañá de alegría
somos os de Campolongo
que vimos a Ferraría.

Escoitade o que dicimos
porque imos a falar
das cousas que xa pasaron
e das que están a pasar.

Nesta praza agarimosa
xa están a resoar
estas cantigas de Maio
que viñemos a estrear.

Celebramos este Maio
con doces coplas ao vento
San Francisco, a Peregrina
e o voso acompañamento.

Maiο verde, Maio verde
todo cuberto de cores
de paxaros cantareiros
da primavera e das flores.

Viñestes a Campolongo
e marchastes sen ver nada
non vistes o noso Maio
espertar na madrugada.

Rosiña do mes de Maio
quen te arrincou da roseira
foran rapaces da escola
para adornar a carteira.

O cuco xa está cucando
entre as follas do loureiro
quere vir ao noso Maio
cuco ledο e algareiro.

Mes de Maio, mes de Maio
mes de moita fermosura
aínda ben non amañece
cantan paxaros na rúa.

Quedou atrás o inverno
coa neve e a xeada
recibamos con ledicia
a primavera anunciada.

Cando chove miudiño
por riba de Campolongo
aos raparigos da escola
cáenlle pingas no lombo.

A educación vai adiante,
é para todos igual.
na escola xa nos din:
veña todos a estudar.

No comedor do colexio
cando imos a xantar
xa nos teñen avisados
que non podemos falar.

Outro curso que andamos
cos mapas ás desenvoltas
pois tivemos que apertar
para sacar boas notas.

Todos os días que chove
non saímos a xogar
o patio está mollado
e podemos esvarar.

Os rapaciños da escola
fartámonos de estudar
con tanta actividade
non nos deixan descansar.

As escolas do concello
precisan reparación
quen teña que procuralas
que lle dea solución.

Os mociños de agora
téñenche un problemón
desfixeron o Campillo
quedaron sen botellón.

Os tempos traen as modas
e as modas pasan cos tempos
nesta vila e capital
están postos en inventos.

Pois a última ocorrencia
tenche moita aceptación
botar montañas de piche
polos pasos de peóns.

Tamén puxeron farois
do formato nin falar
o que todos preguntamos
si son para iluminar.

Polas rúas da cidade
é complicado pasar
coas obras atrancando
falta sitio para andar.

Os xardíns queren procura
decídello a Concelleira
que se arranxe o dos parques
e os banquiños de madeira.

Os desaugues non baleiran
será que non dan a basto
chamade aos do concello
para que aumenten o gasto.

Os autobuses urbanos
non os vemos funcionando
é máis fácil para Lores
que a xente vaia andando.

Decídelle no concello
que enterren aos iglús
así quedará na rúa
máis sitio para o bus.

Cravan árbores no chan
ou serán garabullíños
cando empecen a dar sombra
seremos todos velliños.

Cando chove en Pontevedra
é difícil pasear
coas lousas despegadas
e os zapatos a enchoupar.

Quedan aínda cousas
moi custosas de arranxar
non hai goberno que acabe
coas listas do hospital.

Da Xunta que nos goberna
non hai moito que contar
Tourinho e mailo Quintana
xuntáronse para gobernar.

Logo de tomar acordos
dirixen a mesma orquestra
un compón a partitura
e outro toca na festa.

Para cantarvos os Maios
estamos en Pontevedra
para facelas rotondas
ide chamar a Mosquera.

AVE é unha encomenda
que camiña devagar
moitos montes e moreas
para nunca rematar.

Seica che teñen pensado
nas escolas implantar
iso do carné por puntos
para poder educar.

E si a medida funciona
e acada resultados
que a leven ao congreso
a orientalos deputados.

A ver si todos aprenden
a cumprilo prometido
non enganar aos votantes
e traballar con sentido.

Os polos quedan sen xeo
por mor do cambio climático
a Terra vén padecendo
un proceso moi traumático.

Rajoy perdeu polos pelos
non poderá gobernar
agora toca banquiño
darlle caña e aturar.

Os do pepé que se aguanten
outra vez a esperar
a ver si o vindeiro ano
algo poden celebrar.

Os socialistas gañaron
por puntos ao adversario
que non malgasten os votos
empeñando ao erario.

